

A TORRE

Texto de ANTONIO SANDOVAL REY

Tradución de XESÚS FRAGA

Ilustración de sobrecuberta de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica con sobrecuberta. 15,5 x 23 cm. 240 pág. 16 €.

A Torre (galego)

ISBN 978-84-16721-27-6. Vitamina N. Factoría K.

La Torre (castelán)

ISBN 978-84-16721-28-3. Vitamina N. Factoría K.

...Coma se partise cara á montaña, trouxen nunha pequena mochila algo de comida, auga, un caderno, unha carpeta ategada de apuntamentos, un compás e uns prismáticos. Pero estou a menos de dous quilómetros da miña casa, a só uns centos de metros dun dos barrios máis densos da miña cidade. Vin a pasear. A escribir. Teño ás miñas costas a Torre de Hércules...


Esta obra de Antonio Sandoval, coa que comeza a colección Vitamina N, é unha nova aproximación á Torre de Hércules e á súa contorna dende unha visión polisémica do monumento e do territorio que o acolle. A través dun paseo nun día de abril, desde antes do amencer ata a caída da noite, o autor vai coleccionando sensacións, descrições da natureza, relatos históricos e míticos, reflexións de actualidade e consideracións sobre como debe cambiar a forma na que a nosa especie valora e se relaciona coa biodiversidade.

A verdadeira pregunta non é *quen son*, senón *onde estou*, afirma Sandoval, que vai debullando exploracións persoais da xeografía da contorna da Torre, o mar que a rodea, as formas das nubes, a flora, a fauna, e sobre todo as aves... Todo isto mestúrase con narracións que teñen alí o seu escenario: a conquista de Irlanda polos Milesios recollida nos textos medievais irlandeses, e as súas consecuencias históricas nos séculos XVI, XVII e no Rexurdimento. Con esa panorámica e axudado polos recentes descubrimentos xenéticos e paleontolóxicos, pregúntase pola condición humana.

Tamén reflexiona sobre o presente: o mundo dixital, o impacto das redes sociais ou a crise de valores. E non faltan alusións ás mareas negras que afectaron a costa, as lendas ou episodios da historia recente.

O monumento da Torre de Hércules -Patrimonio da Humanidade dende 2009- é o fío condutor do relato na súa condición de faro, referente arquitectónico da antigüidade e icona dun espazo sobresaínte onde mesmo se teñen achado varios petróglifos.

Esta edición está impresa en papel procedente de bosques e plantacións xestionados con estándares que garanten a explotación sostible dos recursos. As *Lecturas ao Natural* de Vitamina N cumpren así cos requisitos ambientais e sociais recollidos no proxecto «Libros amigos dos bosques».



- **Temática:** relatos coa Torre de Hércules como fío condutor.
- **Destinatarios:** lectores xuvenís e adultos.
- **Aspectos destacables:** natureza, biodiversidade, historia, antropoloxía, actualidade; visión humanística baseada no territorio; libro «amigo dos bosques»; do autor de [“A árbore da escola”](#) (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-torre-g>

Antonio Sandoval

(A Coruña, 1967)

Escritor, comunicador ambiental e ornitólogo. É autor de “¿Para qué sirven las aves?” (Ed. Tundra, 2012), “Las aves marinas de Estaca de Bares. Un diario personal” (Tundra, 2015), a novela “BirdFlyway. Un viaje en familia por la Ruta de las Aves” (Lynx, 2016), e o texto do álbum ilustrado “A árbore da escola” (KALANDRAKA, 2016). Tamén é coautor do manual “Cuándo ver Aves en Galicia. Ideas mes a mes para familias, aficionados y expertos” (Tundra, 2014). Colabora con diversos medios de comunicación galegos, estatais e internacionais. Dende hai máis de vinte anos forma parte do equipo ‘Prensa Escuela’ de La Voz de Galicia, diario no que colabora semanalmente con artigos sobre natureza. Ten publicado textos científicos en revistas ornitológicas e impartido numerosas charlas. Profesionalmente ten participado en proxectos de comunicación e educación ambiental, interpretación do patrimonio e turismo de natureza. Está vencellado a organizacións de estudo e conservación do medio natural, e é membro colaborador do Instituto Xosé Cornide de Estudios Coruñeses.

<http://antoniosandovalrey.weebly.com>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com